



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Marzo 2024**

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2021. Marzo 2024


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia unha caída do 9,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en case 15 puntos á do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 5,8%, taxa inferior en máis de 11 puntos á do mes anterior.
- En catorce comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de marzo.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 2,4% e en España un 2,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de marzo.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia unha caída do 9,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en case 15 puntos á do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 5,8%, taxa inferior en máis de 11 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 12,5%, resta 9,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 0,2%.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 9,6% mentres que nos *Outros servizos* aumenta o 1,6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra unha caída do 18,3%, co que resta 9,8 puntos a taxa de variación do índice xeral; en senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 1,6% e o *Comercio ao retalho* un 1,7%. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 2,7% e o *Comercio por xunto* o 15,3% mentres que o *Comercio ao retalho* aumenta o 1,1%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 0,2%. Rexistran crecementos *Hostalería* (12,1%), *Información e comunicacións* (11,1%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (2,6%). O *Transporte* rexistra a maior caída da facturación, -8,6%.

En España, os *Outros servizos* crecen o 1,6%. O maior incremento prodúcese en *Hostalería* (12,1%), mentres que o *Transporte* rexistra a maior caída, -5,5%.

No acumulado do ano, a cifra de negocios diminúe un 0,4% en Galicia mentres que aumenta un 0,5% en España. O Comercio por xunto é o sector con maior caída tanto en Galicia (-5,8%) como en España (-6,6%).

### 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 0,6% no mes de marzo.


O sector con maior caída é o Transporte (-7,4%), mentres que *Hostalería* (11,4%) e *Información e comunicacións* (10,9%) rexistran os maiores incrementos.

### 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 2,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 13,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de marzo cifra de negocios aumenta en tres comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior e diminúe en catorce comunidades.

La Rioja (4,5%), Illes Balears (4,0%) e Canarias (1,0%) son as comunidades con incremento da facturación. As comunidades con maiores descensos son Aragón (-12,6%), Murcia (-9,8%) e Galicia (-9,5%).

No primeiro trimestre do ano, a cifra de negocios aumenta en doce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (11,9%) e Illes Balears (8,0%). Os maiores descensos prodúcense en Aragón (-3,7%) e País Vasco (-3,0%).

### Índices de cifra de negocios. Marzo 2024

#### Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,4% respecto ao mes de marzo de 2023, 0,2 puntos máis que en España (2,2%).

O persoal ocupado crece un 0,5% no *Comercio* e un 3,6% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é a *Hostalería* (7,3%).

En España, o persoal ocupado un 2,1% no *Comercio* e un 2,3% nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase tamén na *Hostalería* (4,6%).



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 2,4% en Galicia e un 2,1% en España. *Hostalería* e *Información e comunicacións* rexistran os maiores incrementos tanto en Galicia como en España.

## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de marzo con respecto ao mesmo mes do ano 2023.

As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (5,1%), Murcia (3,7%) e La Rioja (3,1%). As comunidades con menores crecementos son Navarra (0,7%) e Castilla – La Mancha (0,9%).

No primeiro trimestre do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando os maiores crecementos Illes Balears (4,0%) , Murcia (3,1%) e Canarias (3,1%).

## Índices de persoal ocupado. Marzo 2024

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>122,5</b>	<b>-9,5</b>	<b>-0,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>123,6</b>	<b>-12,5</b>	<b>-1,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	152,2	1,6	19,2
Comercio por xunto	124,1	-18,3	-5,8
Comercio ao retalho	112,7	1,7	4,4
<b>Outros servizos</b>	<b>119,6</b>	<b>-0,2</b>	<b>3,5</b>
Transporte	127,0	-8,6	-3,2
Hostalería	139,3	12,1	10,8
Información e comunicacións	126,8	11,1	17,8
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	102,7	2,6	1,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,2	-1,4	5,3
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>119,3</b>	<b>-5,8</b>	<b>0,5</b>
<b>Comercio</b>	<b>116,7</b>	<b>-9,6</b>	<b>-2,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	137,0	-2,7	7,3
Comercio por xunto	112,3	-15,3	-6,6
Comercio ao retalho	119,9	1,1	4,8
<b>Outros servizos</b>	<b>124,2</b>	<b>1,6</b>	<b>5,4</b>
Transporte	124,3	-5,5	0,3
Hostalería	143,3	12,1	10,8
Información e comunicacións	119,5	3,4	5,8
Actividades inmobiliarias	113,4	-4,2	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	117,8	1,4	7,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	143,3	4,2	7,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>125,7</b>	<b>-0,6</b>	<b>5,6</b>
Comercio	124,7	-5,8	4,1
Transporte	124,7	-7,4	-1,3
Hostalería	147,1	11,4	9,9
Información e comunicacións	131,3	10,9	16,5
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,7	3,8	5,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	101,5	-1,9	6,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE



**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.**  
**Marzo 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
<b>ESPAÑA</b>	<b>119,3</b>	<b>-5,8</b>	<b>0,5</b>
Andalucía	125,5	-3,2	3,4
Aragón	110,8	-12,6	-3,7
Asturias	121,4	-2,2	1,9
Baleares, Illes	111,2	4,0	8,0
Canarias	147,1	1,0	3,4
Cantabria	110,7	-2,1	4,3
Castilla y León	113,4	-3,8	0,9
Castilla-La Mancha	117,6	-5,4	2,5
Cataluña	120,2	-5,8	0,5
Comunitat Valenciana	121,1	-3,3	3,4
Extremadura	110,7	-4,7	2,1
<b>GALICIA</b>	<b>122,5</b>	<b>-9,5</b>	<b>-0,4</b>
Madrid	116,0	-8,2	-2,1
Murcia	112,9	-9,8	-0,8
Navarra	126,2	-1,3	5,5
País Vasco	117,0	-8,9	-3,0
Rioja, La	130,6	4,5	11,9

Fonte: N E

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>104,0</b>	<b>2,4</b>	<b>2,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>102,3</b>	<b>0,5</b>	<b>0,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	99,2	1,2	1,0
Comercio por xunto	103,1	1,3	1,6
Comercio ao retalho	102,4	0,0	-0,1
<b>Outros servizos</b>	<b>105,1</b>	<b>3,6</b>	<b>2,5</b>
Transporte	100,2	2,4	1,5
Hostalería	112,3	7,3	3,9
Información e comunicacións	111,2	3,9	5,2
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,6	2,5	2,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	101,0	1,7	1,4
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>105,9</b>	<b>2,2</b>	<b>2,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>104,3</b>	<b>2,1</b>	<b>2,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	103,6	2,1	2,0
Comercio por xunto	104,8	2,0	1,7
Comercio ao retalho	104,2	2,2	2,1
<b>Outros servizos</b>	<b>106,8</b>	<b>2,3</b>	<b>2,2</b>
Transporte	106,6	1,4	2,1
Hostalería	111,3	4,6	2,8
Información e comunicacións	111,0	2,1	3,0
Actividades inmobiliarias	99,5	-1,4	-0,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,4	1,9	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,0	1,6	2,0

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.**  
**Marzo 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>105,9</b>	<b>2,2</b>	<b>2,1</b>
Andalucía	107,4	2,4	1,9
Aragón	101,9	2,3	2,4
Asturias	104,2	2,7	2,6
Baleares, Illes	102,6	5,1	4,0
Canarias	110,5	2,9	3,1
Cantabria	101,3	1,1	1,0
Castilla y León	101,5	1,0	1,2
Castilla-La Mancha	104,0	0,9	1,1
Cataluña	106,9	2,8	2,4
Comunitat Valenciana	104,0	1,8	1,7
Extremadura	104,6	1,1	1,0
<b>GALICIA</b>	<b>104,0</b>	<b>2,4</b>	<b>1,8</b>
Madrid	108,2	1,8	2,2
Murcia	104,8	3,7	3,1
Navarra	104,2	0,7	0,8
País Vasco	103,5	1,0	1,2
Rioja, La	104,7	3,1	2,9

Fonte:INE